

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS  
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA  
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á necesidade urxente da limpeza da cuberta do Pavillón de Deportes de Usos Náuticos, dado que o musgo que se acumula na cuberta impide que a auga descorra hacia fóra o que provoca filtracións de auga hacia o interior da nave que en tempos de choiva fan imposible o seu uso. Para a execución do citado servizo preséntanse varios presupostos, sendo o máis vantaxoso calidade-prezo o da empresa especializada no sector INSERPyme SERVICIOS, S.L, por importe total de 4.719,00 € (I.V.E. incluído).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Adxudicar á empresa INSERPyme SERVICIOS, S.L, a limpeza da cuberta do Pavillón de Deportes de Usos Náuticos, dado que o musgo que se acumula na cuberta impide que a auga descorra hacia fóra o que provoca filtracións de auga hacia o interior da nave que en tempos de choiva fan imposible o seu uso, a través dun contrato Menor de Servizos por importe de 4.719,00 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-212,00.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estes códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B



Praza Ravella nº 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a cinco de febreiro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS  
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA  
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á aprobación dos gastos para a organización da GALA DA XXXI FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se vai celebrar o vindeiro día 1 de marzo do presente ano, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 31/01/2024, presentando un orzamento de gastos por importe total de 4.975,00 €, desglosados da seguinte maneira:

<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO	1.815,00 .-
TROFEOS	900,00 .-
PRESENTADOR	800,00 .-
ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	960,00 .-
VARIOS/IMPREVISTOS	<u>500,00 .-</u>
TOTAL .....	4.975,00 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

**R E S O L V O:**

1.- Aprobar o orzamento dos gastos correspondentes á organización da GALA DA XXXI FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se vai celebrar o vindeiro día 1 de marzo do presente ano, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 31/01/2024, por importe total de 4.975,00 €, co seguinte desglose:

<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>	<b><u>PARTIDA</u></b>
GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO	1.815,00 .-	342-226,09
TROFEOS	900,00 .-	342-226,9901
PRESENTADOR	800,00 .-	342-226,09
ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	960,00 .-	342-226,09
VARIOS/IMPREVISTOS	<u>500,00 .-</u>	342-226,09
TOTAL .....	4.975,00 €	



2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de febreiro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS  
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA  
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do CLUB HÍPICA ARES, no que solicita, a cesión do material que a continuación se relaciona, para a celebración dunha XORNADA FORMATIVA CUN XINETE INTERNACIONAL, nas súas instalacións de Vilagarcía de Arousa, o vindeiros días 24 e 25 de de febreiro do presente ano:

- Un graderío para 40 persoas.
- Equipo de Son con micrófono inalámbrico

Faise constar que tras as conversas mantidas co Club Hípica Ares, no relativo a cesión do graderío con capacidade para 40 persoas, no que se lle comunica que debe ser a entidade solicitante a que se encargue da recollida e posterior devolución do mesmo, así como das certificacións necesarias para a montaxe do mesmo, conforme indica a lexislación vixente. Dado que a entidade non dispón dos medios necesario para poder levar a cabo o traslado do citado material, solicitan para cubrir a necesidade 30 cadeiras e 5 valados.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

**R E S O L V O:**

1. Trasladar a solicitude do CLUB HÍPICA ARES aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede, para a celebración da XORNADA FORMATIVA CUN XINETE INTERNACIONAL, os vindeiros días 24 e 25 de febreiro do presente ano:

- . Departamento de Obras, a cesión de 30 cadeiras e 5 valados.
- . Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son con micrófono inalámbrico.



2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS  
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA  
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á necesidade do aluguer de dous WCs químicos para o ximnasio da Piscina Cuberta Municipal do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dende o 19 de febreiro ao 31 de marzo do presente ano, dado que os vestiarios da instalación están inhabilitados pola obra de remodelación dos mesmos e, para o que se solicitou orzamento á empresa INODOROS MAGO, S.L., por importe total de 677,60 € (I.V.E. incluído).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Adxudicar á empresa INODOROS MAGO, S.L., a través dun contrato Menor de Servizos, o aluguer de dous WCs químicos para o ximnasio da Piscina Cuberta Municipal do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dende o 19 de febreiro ao 31 de marzo do presente ano, por importe total de 677,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-203,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS  
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA  
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr. Encargado do Servizo de Mantemento das Instalacións Deportivas, relativa á necesidade da revisión dos extintores das Instalacións Deportivas Municipais, para o ano 2024, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios e, para o que se solicitou un só presuposto á empresa especializada do sector RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), por importe total de 877,25 € (IVE incluído).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), a través dun contrato Menor de Servizos, a realización da revisión e retimbrado dos extintores das Instalacións Deportivas Municipais, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios, para o ano 2024, por importe total de 877,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-213,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.





RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS  
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA  
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. Presidente con data 14/02/2024 relativa a aprobación dos gastos derivados da celebración da XXXI GALA DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se vai celebrar o vindeiro 1 de marzo do presente ano, na que se aprobou o orzamento de gasto por importe total de 4.975,00 € (IVE incluído) co seguinte desglose:

<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
GRAVACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO	1.815,00 .-
TROFEOS	900,00 .-
PRESENTADOR	800,00 .-
ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	960,00 .-
VARIOS/IMPREVISTOS	500,00 .-
TOTAL .....	4.975,00 €

Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación dos servizos e subministros derivados da organización do evento, por importe total de 3.971,50 € (IVE incluído) presentando presupostos as empresas que a continuación se relacionan:

<b><u>PROVEEDOR</u></b>	<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
D. RAFA SABUQUEIRO SÁNCHEZ	Gravación vídeo	1.815,00 €
DNA. MAR BARRAL NÚÑEZ	Trofeos	925,00 €
AROUSA HERMANOS GONGAL,S.L.	Ágape	1.050,00 €
D. ALBERTO REY SILVA	Presentador	181,50 €
	Total	3.971,50 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Adxudicar as empresas que a continuación se relacionan os gastos pola celebración da XXXI GALA DA FESTA LOCAL DO DEPORTE a través dun contrato menor de



servizos e subministrados, por importe total de 3.971,50 € (IVE incluído):

<b><u>PROVEEDOR</u></b>	<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>	<b><u>PARTIDA</u></b>
D. RAFA SABUQUEIRO SÁNCHEZ	Gravación vídeo	1.815,00 €	342-226,09
DNA. MAR BARRAL NÚÑEZ	Trofeos	925,00 €	342-226,9901
AROUSA HERMANOS GONGAL,S.L.	Ágape	1.050,00 €	342-226,09
D. ALBERTO REY SILVA	Presentador	<u>181,50 €</u>	342-226,09
	Total	3.971,50 €	

Dado que o gasto inicial aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 14/02/2024 para os trofeos foi insuficiente, superando a cuantía aprobada inicialmente en 25,00 €, foi necesario facer uso da partida de imprevistos para afrontar o devandito gasto.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, ante min a secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS  
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA  
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado por D. Diego Negro Rodríguez con DNI 35.469.667-X, en representación da Agrupación Deportiva Escolas, Terras do Ulla-Umia, no que solicita autorización de uso do Estadio de Atletismo, o vindeiro día 7 de marzo do presente ano, en horario de 9:00-14:00 horas, para organizar unhas xornadas de Atletismo en Pista, dentro do programa XOGADE da Xunta de Galicia. Así como a cesión dun equipo de son durante o desenvolvemento da citada actividade. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

**RESOLVO:**

1.- Autorizar a D. Diego Negro Rodríguez, en representación da Agrupación Deportiva Escolas, Terras do Ulla-Umia, o uso do Estadio de Atletismo, o vindeiro día 7 de marzo do presente ano, de 9:00-14:00 horas.

2.-Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do desenvolvemento da citada actividade, deberá presentar a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Trasladar ao Servizo do Auditorio do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a súa solicitude de colaboración coa cesión dun equipo de son, para a súa aprobación se procede.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:



a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.